

VI. ANUNCIOS
B) ADMINISTRACIÓN LOCAL
CONCELLO DE VIGO
ANUNCIO da oferta de emprego público 2016.

Con data do 8 de abril de 2016, a Xunta de Goberno local, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo:

«Primeiro. Aprobar a oferta de emprego público do Concello de Vigo para o ano 2016, integrada polas seguintes 58 prazas vacantes:

a) Persoal funcionario (41 prazas, trinta e unha delas pola quenda libre).

Nº de vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda de acceso
2	Técnico/a Administración xeral rama xurídica	A1	Admón. xeral	Técnica	Superior	1 libre e 1 promoción interna
1	Administrativo/a Administración xeral	C1	Admón. xeral	Administrativa	-----	Libre
6	Auxiliar Administración xeral	C2	Admón. xeral	Auxiliar	-----	4 libre e 2 promoción interna
1	Subalterno/a	E	Admón. xeral	Subalterna	-----	Libre
1	Enxeñeiro/a de camiños	A1	Admón. especial	Técnica	Superior	Libre
1	Enxeñeiro/a industrial	A1	Admón. especial	Técnica	Superior	Libre
1	Arquitecto/a técnico/a aparelador/a	A2	Admón. especial	Técnica	Media	Libre
8	Diplomado/a traballo social	A2	Admón. especial	Técnica	Media	Libre
1	Técnico/a medio/a igualdade	A2	Admón. especial	Servizos especiais	Funcións especiais	Libre
1	Técnico/a xestión	A2	Admón. especial	Servizos especiais	Funcións especiais	Promoción interna
1	Técnico/a relacións laborais	A2	Admón. especial	Servizos especiais	Funcións especiais	Promoción interna
1	Técnico/a medio/a sistemas	A2	Admón. especial	Servizos especiais	Funcións especiais	Promoción interna
1	Programador/a informática	C1	Admón. especial	Servizos especiais	Funcións especiais	Libre



Nº de vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda de acceso
2	Inspector/a principal Policía local	A2	Admón. especial	Servizos especiais	Policía local	Promoción interna
1	Sarxento extinción incendios	C1	Admón. especial	Servizos especiais	Extinción incendios	Promoción interna
1	Cabo extinción incendios	C2	Admón. especial	Servizos especiais	Extinción incendios	Promoción interna
4	Bombeiro/a	C2	Admón. especial	Servizos especiais	Extinción incendios	Libre
7	Policía local	C1	Admón. especial	Servizos especiais	Policía local	Libre

b) Persoal laboral: 17 prazas (1 capataz pola quenda de promoción interna, 13 de oficiais de oficios do grupo C2 de titulación (unha delas pola quenda libre-oficial condutor) e 3 de axudante de oficios do grupo transitorio E (unha delas pola quenda libre e dúas por promoción interna).

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 59 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público (TREBEP) resérvanse un total de 5 prazas (7 % das 58 prazas ofertadas (33 correspondentes a quenda libre e 25 reservadas por promoción interna), para persoas con discapacidade, dúas delas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e as tres restantes para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

– Dúas prazas de auxiliar de Administración xeral, unha das ofertadas pola quenda libre e outra da quenda de promoción interna.

– Dúas prazas de oficial de oficios, da quenda de promoción interna, unha delas reservase para ser cuberta por persoas que acrediten discapacidade intelectual.

– Unha praza de axudante de oficios, da quenda de promoción interna, reservada para persoas con discapacidade intelectual».

Vigo, 12 de abril de 2016

O alcalde
 P.D. (Decreto do 19.6.2015)
 Javier Pardo Espiñeira
 Concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal

